

GUY DE MAUPASSANT

O doutor Héraclius Gloss

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

COMO ERA, NO ASPECTO MORAL, O DOUTOR HÉRACLIUS GLOSS

O doutor Héraclius Gloss era un home moi sabio. Malia non aparecer nunca nas librarías da vila nin o máis breve opúsculo asinado por el, todos os habitantes da douta cidade de Balançon consideraban que o doutor Héraclius era un home moi sabio.

Como e en que era doutor? Ninguén podería dicilo. Só se sabía que os veciños xa lles chamaban así ao seu pai e ao seu avó. El herdara pois o título ao mesmo tempo ca o nome e a facenda; na súa familia o cargo de doutor pasara de pai a fillo, igual que, de pai a fillo, pasara sempre o nome de Héraclius Gloss.

Polo demais, aínda que non posuía diploma ningún asinado nin referendado por todos os membros dalgunha ilustre facultade, non por isto o doutor Héraclius era un home menos digno e sabio. Abondaba con ver os corenta andeis ateigados de libros que cubrían as catro paredes do seu vasto gabinete para se convencer de que nunca doutor máis erudito honrara a cidade de Balançon. Ao cabo, cada vez que se cuestionaba a súa persoa perante o señor decano ou o señor reitor, sempre podía

observarse como estes sorrían con moito misterio. Mesmo se conta que un día o señor reitor o gabara en latín en presenza de monseñor o arcebispo; a testemuña que o relataba citaba ademais como proba irrecusable as palabras que lle escoitara dicir: *Parturiunt montes, nascitur ridiculus mus*¹.

Cómpre engadir que o señor decano e o señor reitor tiñan por costume cear con el todos os domingos, de xeito que ninguén ousaría poñer en dúbida que o doutor Héraclius Gloss era un home moi sabio.

¹«Parirán os montes; nacerá un ridículo rato» é unha frase pertencente á fábula de Esopo «O parto dos montes», na que se relata como os montes causan o pánico daqueles que os escoitan cando semella que van dar a luz. Mais, logo de tan abraiantes sinais, só nace un pequeno rato. Daquela, tanto a fábula coma a expresión utilízanse para se referir a aqueles acontecementos que se anuncian con pompa e despois acaban en fume. Horacio, na *Epístola aos Pisóns*, utiliza a frase para se referir aos escritores que fan gala dun estilo rimbombante ou prometen máis do que realmente son quen de ofrecer.

